



AL PIE DE LA LETRA

Autor e ilustrador: **MIGUEL CALATAYUD**

Encadernado en cartonné. Inclúe contedor.
16x16 cm. 68 páxinas en color. Colección ALFABETOS
ISBN 978-84-96388-75-8
Prezo: 17 €

A cor e a forma son as claves esenciais para comprender a obra de Miguel Calatayud. Os seus debuxos, a base de acuarela e tinta, superpoñen distintos planos dunha realidade na que a xeometría desempeña un papel fundamental. Cada letra é un poema visual, un xogo de camuflaxe para os nosos ollos.



ABCdiario

Autor e ilustrador: **PABLO OTERO**

Fotografías: JAVIER ÁLVAREZ

Encadernado en cartonné. Inclúe contedor.
16x16 cm. 68 páxinas en color. Colección ALFABETOS
ISBN 978-84-96388-74-1
Prezo: 17 €

Pablo Otero lánzanos unha invitación inesperada: compartir un día na vida dun 'obrero-artista' moi especial. Cada acción garda un divertido paralelismo coas letras, que ademais están modeladas en bronce. O resultado é un traballo multidisciplinar: escultura en metal, dramatización, escenografía e fotografía.

KALANDRAKA estrea a nova colección 'Alfabetos' con senllas obras do galego Pablo Otero e do valenciano Miguel Calatayud, dous ilustradores que se caracterizan pola súa paixón e gusto polo xogo plástico e poético; neste caso, as 27 letras do abecedario son as pezas dun puzzle que cada un compoñe segundo o seu estilo particular.

Pezas máxicas que suxiren palabras, ideas, soños, experimentos... que o autor moldea e converte en obra de arte, apoiándose nas súas formas, ritmos, sons ou carga simbólica, e sempre con absoluta liberdade creativa.

MIGUEL CALATAYUD (Aspe, Alicante, 1942)

Debuxante e ilustrador de cómic e libros infantís. Obtivo os premios máis prestixiosos do sector, como o Lazarillo (1974) e o Nacional de ilustración (1989 e 1992). No ano 2000 foi candidato por España ao premio Hans Christian Andersen. Durante os 80 foi un dos máis destacados representantes da chamada "liña clara valenciana". Dirixe varios proxectos editoriais e exerceu como comisario das exposicións 'Animais na súa tinta' e 'Originais para cinco rondallas' do Salón do Libro Infantil Ilustrado Cidade de Alicante.

PABLO OTERO (Ourense, 1970)

Iniciou a súa traxectoria artística na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Expuso os seus debuxos, esculturas e pinturas en diversas galerías de Ourense. Ilustrou libros para varias editoriais, entre os que destaca "Mateo", publicado por KALANDRAKA. Colaborou na revista "Golfinho", unha breve iniciativa de promoción do cómic en galego. Tamén se relacionou co eido teatral, mediante traballos de escenografía, vestuario e cartelismo. Recibiu, entre outras distincións, o 1º premio de escultura no I Salón de Arte Xoven de Ourense (1992) e un accésit do Premio Lazarillo.

- **Temática:** libro de arte e de autor; recreación visual e conceptual das letras do alfabeto
- **Idade:** infantil e principalmente adulto
- **Aspectos destacables:** variedade de técnicas e estilos, artistas de renome a nivel nacional e internacional; simbolismo
- **Aplicacións:** educación plástica e visual; conceptos artísticos; creatividade